



DEZA CIRCULAR. Aproveitamentos forestais e limpeza de montes sostibles e innovadores

Trátase dun programa de formación teórico práctico, baseado na metodoloxía de innovación social de APRENDIZAXE-SERVIZO. O ApS tenta modificar a realidade e mellorar as aprendizaxes das persoas para formar. Insírese no conxunto de actividades formativas que se lle ofrecerán aos usuarios do curso e conecta coa educación baseada en competencias, combinando procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto ben articulado no que os participantes se forman ao traballar sobre necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralo.

Así o Concello de Silleda, para conseguir o éxito do proxecto Deza Circular, precisa de persoas **desempregadas e residentes no rural** interesadas en participar. Nivel de estudos: sen requisitos mínimos. Colectivos prioritarios: poboación desempregada en xeral, con especial interese en formar e orientar cara o emprego a mulleres, persoas xoves ata 35 anos, persoas desempregadas maiores de 45 anos, poboación inmigrante, persoas con discapacidade física

Deza Circular plantexa os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Formar e orientar a 70 persoas para que poidan levar a cabo labores de limpeza e aproveitamento de biomasa forestal, así como labores de recuperación, acondicionamento e sinalización de espazos naturais singulares, de alto interese ecolóxico (Rede Natura 2000 do Concello) ou de ámbito público (espazos verdes municipais), que sexa necesario manter e acondicionar.
- Levar a cabo accións de información, concienciación e orientación, destinadas a dotar ás persoas participantes dos coñecementos e estratexias necesarias para impulsar e/ou integrarse en liñas de negocio e empresas sostibles, que favorezan a conservación dos espazos naturais e o desenvolvemento turístico estratéxico da zona.
- Orientar e acompañar na inserción ás persoas dedicadas á consecución destes obxectivos e a atención ás necesidades observadas na comarca.

Inicio previsible: 1 de Xullo

Finalización previsible : 31 de Novembro

*Se non se acadan os obxectivos de captación de alumnado, as datas de comezo dos cursos poderán adiarse ata un mes.

As persoas formadas dentro do proxecto que completen a súa formación recibirán un diploma acreditando os módulos e horas de prácticas cursados, os cales lles permitirán optar á obtención do certificado de **profesionalidade AGAR 0209 -Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais**, no que está baseado o curso.

Ademáis, a finalización de todo o itinerario formativo e de orientación, permitiralles realizar prácticas en empresas da zona do Deza ou no propio Concello, podendo así aumentar as súas posibilidades de inserción no sector unha vez rematado o proxecto formativo.

Para a inscrición poñerse en contacto con:

emprego@silleda.gal

Tlf.: 986180239